

ENTREVISTA | **MARILAR ALEIXANDRE**
ESCRITORA

«Santiago é un territorio que pertence á imaxinación»

A autora recibe hoxe en Santiago a homenaxe da AELG

Camilo Franco

SANTIAGO/LA VOZ Marilar Aleixandre recibe hoxe a homenaxe que desde hai máis de quince anos rende a Asociación de Escritores en Lingua Galega aos escritores na súa terra. A plantación dunha árbore, a entrega da letra E e mais un xantar concretan este recoñecemento que terá lugar en Compostela e que identifica un escritor cun territorio.

—A homenaxe da AELG venella un autor co seu territorio. No seu caso, ¿cal é a relación con Santiago?

—É a vontade, non o azar, o que me trouxo a ela. Eu collín vivir en Santiago. Traballo aquí desde hai vinte anos, e vivir e traballar poderían ser razóns suficientes. Mais Santiago é unha cidade que atrapa os incautos nas súas redes. Pódese percorrer andando, e nese camiño de casa ao traballo que fago día a día teño a oportunidade, por exemplo, de ver un merlo tirando miñocas da terra, as follas dos ginkgos empregnando o voo en outono, ou de cruzarme coa sombra de An-

xel Casal na rúa do Vilar.

—Entre os espazos literarios galegos, seguramente Santiago é do que leva chamado a atención de máis autores. ¿En que cre que difiren a imaxe literaria e a real de Santiago?

—Certo, é un espazo moi literario, aínda que nas dezaseis edicións anteriores da letra E tres escritores escolleran Vigo, dous Vilalba e ningún Santiago. A imaxe literaria e a real de Santiago son difíciles de distinguir, pois (como dixeran nunha guía) Santiago é unha cidade inventada, un territorio que pertence á imaxinación. Non posuía ningunha condición xeográfica para converterse nun dos centros do mundo e se o fixo é porque alguén soubo contar de forma adecuada a inverosímil historia dun corpo chegado a bordo dunha barca de pedra. Sendo un territorio da imaxinación nada pode haber máis apropiado para unha escritora que ten precisamente a imaxinación por ferramenta.

—Vai plantar un abruñeiro como árbore simbólica. ¿Cal



A novelista plantará hoxe un abruñeiro en Compostela | ÁLVARO BALLESTEROS

é a simboloxía que ten esta árbore para vostede?

—É unha árbore ventureira, vive en liberdade. Talvez sexa a primeira vez que se planta un abruñeiro nun parque. Ten moitas resonancias literarias en distintas linguas ('endrina', 'pacharán'). Esta arneixeira brava combina a rebeldía das espiñas coa sutileza das flores de cinco pétalos, flores que aparecen cando aínda a árbore non ten follas, cubríndoo de branco. E o sabor dos froitos é intenso, acedo, todo o contrario do insípido. É unha árbore singular, noutro tempo frecuente nas sebes, patrón dos enxertos, e porén, nes-

te intre, resulta difícil de conseguir. Debo ao meu cunado Xaquín López Facal, unha das persoas que máis saben de árbores, que localizase esta nun viveiro de Mos.

—Na súa obra pódense ler todos os xéneros. ¿Hai algún no que aínda lle quede afondar?

—Estou preparando unha obra de teatro. Ata agora só teño un texto teatral para títeres —*El Rei Artur e a abominable dama*—, que é un traballo colectivo. E gustárame afondar na poesía. Sempre parece que quedan cousas por facer. O meu problema é non ter máis tempo para escribir.

«As mulleres necesitamos un 50% máis de currículum»

Conseguir visibilidade para os escritores é un dos obxectivos de actividades como a deste sábado en Santiago.

—¿Cre que os escritores galegos e en galego seguen precisando destas actividades para a visibilidade?

—Sen dúbida. A visibilidade da literatura galega segue sendo pequena; non hai máis que botar unha ollada aos escaparates das librerías, nos que, con excepcións, os libros en galego non están. Calquera tradución dun *best seller* en inglés, ás veces de ínfima calidade literaria, ten máis cobertura nos medios que os libros en galego. E neste intre, coa lingua galega ameazada, a situación é crítica.

—¿Como valora a circunstancia das autoras?

—Aínda que a situación mellorou, as circunstancias non son iguais para autoras e autores. As escritoras non forman parte das redes formais e informais que dan visibilidade á literatura, ou fano en menor medida. Este non é un fenómeno de Galicia. Igual que no mundo académico, e segundo un estudo realizado en Suecia, as mulleres teñen que ter un currículum superior nun 50% ao dos homes para acadar o mesmo posto. Respondendo a unha pregunta, non estou laíandome. Estamos mellorando, comeza a haber redes de mulleres, ou redes con mulleres e homes.